



FACULTADE DE VETERINARIA
Campus Universitario
27002 Lugo
Tel.982 822 012



PLAN de ACCIÓN TITORIAL

Curso 2025-26

Xullo 2025

ÍNDICE

Prólogo	3
I. Programa de Alumnos Tutores	4
1.- Obxectivos	4
2.- Unidade organizativa e cargos responsables	4
3.- Destinatarios.....	4
4.-.Descrición do programa	4
5.- Planificación de Actividades	4
6.- Indicadores de seguimento	5
II. Apoio Tutorial Extraordinario	6
1.- Obxectivos	6
2.- Unidade organizativa e cargos responsable	6
3.- Destinatarios	6
4.-.Descrición da actividade	6
5.- Indicadores de seguimento	6
III.- Tutorización de alumnos en risco de abandono...	7
1.- Obxectivos	7
2.- Unidade organizativa e cargos responsables	7
3.- Destinatarios	7
4.-.Descrición da actividade	7
5.- Indicadores de seguimento	7
IV. Actividades de Orientación e Formación	8
1.- Obxectivos	8
2.- Unidade organizativa e cargos responsables	8
3.- Destinatarios	8
4.-.Descrición do programa.....	8
5.- Planificación de Actividades	8
6.- Indicadores de seguimento.....	10
ANEXO	11

Prólogo

De acordo co *Manual de procesos* da Facultade de Veterinaria proceso **PC-03 Apoio a estudantes**, nesta planificación establécense as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado na súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe, o desenvolvemento do estudante e a orientación laboral.

Dentro de este Plan de Acción Titorial da Facultade de Veterinaria aglutínanse catro tipos de actividades ou programas que se detallarán nos seguintes apartados:

- **Programa de Alumnos Titores**
- **Apoio Titorial Extraordinario**
- **Titorización de alumnos en risco de abandono**
- **Actividades de Orientación e Formación**

De estes programas ou actividades debemos subliñar que o Apoio Titorial Extraordinario é responsabilidade do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC e executada polos departamentos, recaendo no Centro a labor exclusiva de comunicación de solicitudes e consultas.

I.- Programa de Alumnos Titores

O alumnado titor é un estudante matriculado no Grao en Veterinaria, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao Centro, tratando de favorecer a súa integración. Nunha 1ª etapa fórmase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus, SICUE e de intercambio bilateral) e desenvolven apoio para o Servizo de Voluntariado.

1. Obxectivos

O obxectivo deste programa é a formación de alumnos que cursan estudos na Facultade en 2º curso ou posteriores, para que poidan exercer como titores doutros alumnos de cursos inferiores. Ademais de poder titorizar e asesorar aos seus compañeiros, os alumnos titores poderán colaborar noutras actividades de promoción das titulacións do Centro.

2. Unidade organizativa e cargos responsables

A Facultade de Veterinaria a través do Decano da Facultade e o Coordinador do Programa A Ponte en Veterinaria, xunto co Programa A Ponte, son os encargados de executar este programa.

3. Destinatarios

O Programa de Alumnos Titores está dirixido ao estudantado das diferentes facultades e escolas da USC que queiran exercer como titores e titoras do novo alumnado que se incorpora a universidade.

4. Descrición do Programa

Ademais das propias tarefas de titorización, os alumnos titores tamén terán encomendadas outras labores de colaboración na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia, nas visitas guiadas que o alumnado de secundaria realiza ás instalacións da USC e noutras tarefas relacionadas co ensino medio que lle sexan encomendadas por o coordinador deste Programa de Titores.

A participación dos estudantes nesta actividade ten un recoñecemento académico de 6 ECTS. Na Facultade de Veterinaria este programa está dirixido ao estudantado de 2º, 3º e 4º curso no Grao Veterinaria.

O programa estruturase en dous cursos, o primeiro deles é un curso teórico no que se forma ó alumnado (alumnos titores de primeiro ano) nas técnicas precisas para poder orientar aos estudantes de novo ingreso na USC. No segundo curso os alumnos titores de segundo ano exercerán as labores propias de titor dos alumnos de novo ingreso.

5. Planificación de actividades

Os alumnos titores participarán activamente nas seguintes actividades:

a) Recepción dos alumnos de novo ingreso e formación de grupos de contacto.

- b) Actividades informativas para os estudantes novos.
- c) Participación na difusión da USC nos centros de ensino medio de Galicia.
- d) Participación nas visitas guiadas de alumnado de secundaria ás instalacións da USC.
- e) Publicitar o Programa de Titores.

6. Indicadores de Seguimento.

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Programa de Alumnos Titores serán o *número de solicitudes*, o *número de alumnos titores*, así como o *número de actividades desenvolvidas* o longo do curso polos alumnos titores.

Indicar que a propia convocatoria feita dende o Reitorado para o **Programa de Alumnos Titores** establece que o número máximo de alumnos participantes neste programa e de 4 por titulación, polo que no caso da Facultade son sempre convocadas 4 prazas de alumnos.

II.- Apoio Titorial Extraordinario

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

1. Obxectivos

O Apoio Titorial Extraordinario ten como obxectivo axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, e ten unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-titor e o alumno.

2. Unidade organizativa responsable.

O Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica é o responsable de xestionar esta actividade, e os departamentos implicados na docencia son os responsables de executala seguindo as instrucións establecidas na convocatoria.

A partir do curso 22/23 a información pasa directamente do XOPRA os departamentos polo que o Centro non intervéñen no proceso.

3. Destinatarios

Alumnos matriculados en calquera titulación oficial da USC, agás nas de posgrao, que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

4. Descrición da Actividade.

É unha actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC en cada curso académico. Nesta convocatoria establécense os requisitos que deben cumprir os alumnos para poder solicitala, prazos de solicitude da mesma, actuación dos órganos que interveñen no procedemento (Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Centros, UXA, Directores dos Departamentos e Profesores Titores), elaboración das Actas, etc.

A Facultade de Veterinaria corresponderalle unicamente atender a calquera consulta que teña que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria anual.

5. Indicadores de Seguimento.

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Apoio Titorial Extraordinario serán o ***número de consultas atendidas e o número de alumnos titorizados***, así como o ***porcentaxe que supera a materia titorizada***.

III.- Titorización de alumnos en risco de abandono

1.- Obxectivos

Evitar o abandono dos estudos dos estudantes no primeiro ano e coñecer cales son as causas do mesmo.

2.- Unidade organizativa e cargos responsables

A Facultade de Veterinaria, a través do Decano e os Vicedecanos de Calidade e Organización Académica.

3.- Destinatarios

Alumnos matriculados no primeiro curso de Grao en Veterinaria e que no primeiro semestre non superaran ningunha materia.

4.-.Descrición da actividade

Ademais da Información proporcionada pola Área de Calidade da USC, próximo ao remate do curso, sobre evidencias de risco de abandono, a Facultade de Veterinaria conta cun sistema propio do centro de detección precoz de alumnos en risco de abandono.

Nos 15 días seguintes o peche das actas dos exames do primeiro semestre do Grao en Veterinaria, o centro elaborará unha lista dos alumnos sen contidos superados nin recoñecidos. Posteriormente, o Vicedecano de Organización Académica, contactará cos alumnos para propoñerlles unha entrevista individual co fin de buscar formas de axudar aos alumnos entrevistados. Estas axudas poden ser de diferente tipo dependendo dos problemas de cada alumno:

- Ofrecer o **Servicio de Psicólogos da USC**.
- Proporcionar axuda a través doutros alumnos (**alumnos titores**).
- Proporcionar axuda a través doutros servizos da USC (**Oficina de Igualdade de Xénero, Servicio de Participación e Inclusión Universitaria, Valedor da Comunidade Universitaria**, etc...)
- Proporcionar **axuda directa**.

Posteriormente, farase un seguimento do alumno para comprobar a súa evolución.

Da entrevista, do expediente do alumno e do seguimento, recollese información coa que logo se fará un informe sobre o perfil dos estudantes en risco de abandono e a súa incidencia.

5. Indicadores de Seguimento.

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento da Titorización de Alumnos en Risco de Abandono serán o **nº de alumnos en risco de abandono**, o **nº de alumnos que veñen as entrevistas** e o **nº final de abandonos**..

IV. Actividades de Orientación e Formación

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral.

1. Obxectivo.

Favorecer a aprendizaxe e desenvolvemento do estudante así como de ofrecer unha orientación laboral axeitada

2. Unidade organizativa e cargos responsables.

A Facultade de Veterinaria, a través do Decano, dos Vicedecanos de Mobilidade e Ordenación Académica e do Coordinador do Máster Universitario en Xenómica e Xenética.

3. Destinatarios

Alumnado da Facultade, do Grao e do Máster.

4. Descrición do programa

Dentro das Actividades de Orientación e Formación enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Ao longo do curso académico 2024-25 leváranse a cabo unha serie de actividades de orientación e formación, moitas delas en colaboración coas organizacións profesionais directamente relacionadas coas titulacións impartidas na Facultade.

5. Planificación de Actividades

5.1.- Grao en Veterinaria

As actividades a realizar de forma xeral serán:

- Xornada de Presentación e Benvida organizada na Facultade para recibir ós estudantes de primeiro curso e de programas de intercambio (ver programa na páxina web de Facultade: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/apoyo-estudiantes>).
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento do TFG.
- Charla informativa sobre a normativa e desenvolvemento das Prácticas Externas “susceptible de recoñecemento como créditos optativos” e das Prácticas Tuteladas.
- Charla informativa sobre os Programas de Mobilidade e Intercambio en colaboración coa SRE (Servizo de Relacións Exteriores).
- Charla informativa sobre programas de postgrao como o **Máster Universitario en Xenómica e Xenética** que se imparte no propio Centro, ou os Programas de Doutoramento en **Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias** e en **Medicina e Sanidade Veterinaria** que tamén teñen a sede na nosa Facultade.

- Colaboración co **Consello Galego de Colexios veterinarios e Asociacións de Veterinarios** en diferentes actividades formativas.
- Charlas do programa “Apaixonad@s pola veterinaria”, impartidas por membros do **Comité Consultivo Externo da Facultade de Veterinaria** ou outros profesionais.
- Charlas de Orientación Laboral.

5.2.- Máster Universitario en Xenómica e Xenética

Debido ao carácter interuniversitario do Máster en Xenómica e Xenética, os estudantes que teñen dúbidas ou problemas no estudo diríxense sempre que o precisen aos Coordinadores Académicos da universidade onde están matriculados. Estes Coordinadores (co apoio dos Secretarios Académicos nas dúas institucións) actúan como os titores académicos dos estudantes e prestan axuda para todo o que precise o alumnado. Os contactos realízanse vía mensaxes electrónicas (para dúbidas puntuais) ou vía telefónica/videoconferencia (empregando Skype e MS Teams, para dúbidas extensas). Ademais, dende a Coordinación Xeral do Máster, créase unha listaxe de distribución cos enderezos electrónicos de todos os alumnos que se emprega para informar sobre aspectos de alcance xeral (p.e. aviso sobre reunións, envío de ofertas de emprego, recordatorio sobre datas de PEs (Prácticas Externas) e TFMs (Traballos Fin de Máster), novidades, etc..).

As actividades a realizar son as seguintes:

- Sesión informativa ao inicio do curso sobre o desenvolvemento do Máster (presentación dos responsables, webs oficiais e propia do estudo, introdución ao Acceso ao Campus Virtual da USC, descrición das modalidades do Máster, desenvolvemento de PEs e TFMs...) organizada pola Coordinación Académica do Máster (realízase de xeito conxunto mediante videoconferencia nos diferentes Campus onde se imparte o estudo).
- Sesión informativa sobre normativa e desenvolvemento das PEs e TFM, ademais da escolla das actividades para aqueles estudantes que non as pactaron previamente.
- Charla para a valoración do grao de satisfacción dos estudantes coas PEs e o desenvolvemento xeral do Máster.

5.3.- Actividades xerais do centro

Aulas de formación da Facultade de veterinaria

Programas formativos complementarios á formación regrada que se imparte na Facultade, de acompañamento ao alumnado para incentivar o seu interese en determinados sectores (sector porcino, ruminantes,). Trátase de prestar unha atención personalizada, e titorizada por profesores, para divulgar a actividade profesional veterinaria e as saídas profesionais relacionadas coa xenómica e xenética e motivar ao estudantado da facultade para que se interese, aproxime e involucre nestes sectores. Son iniciativas incluídas dentro das actividades desenvolvidas desde a facultade que teñen como obxectivo fomentar o interese do estudantado nestes campos, na medida en que se detectan carencias na dispoñibilidade de recen graduados que opten por estas saídas profesionais. A tal fin, desenvolveranse unha serie de accións formativas de carácter voluntario, con acceso ao

alumnado das titulacións impartidas no centro. Entre outras, as actividades a desenvolver consistirán en :

- Reunións para propoñer, coordinar e planificar diferentes actividades de interese.
- Charlas técnicas con profesionais do ámbito destes sectores produtivos.
- Visitas a granxas e outras instalacións ou centros relacionados coas actividades concretas desenvolvidas polas Aulas, así como viaxes formativos.
- Asistencia a Congresos
-

Colaboración nas actividades clínicas do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC)

Programa Helper: O estudantado que participa neste programa son alumnos/as de 3º, 4º e 5º curso do Grao en Veterinaria que colaboran na atención e coidado dos pacientes, nos diferentes servizos do HVU-RC, baixo a supervisión dos profesores e persoal veterinario dos diferentes servizos.

O estudantado colaborador participará en diferentes actividades, algunhas das cales se recollen no Anexo. En canto a duración, tempos e períodos que pode abarcar esta actividade, estes figuran na convocatoria que anualmente saca o HVU-RC e que se poden consultar na súa páxina web (<https://rofcodina.org/general/14744/>), tendo en conta que o horario establecido, debe ser compatible coas responsabilidades académicas.

Estancia de inmersión no medio rural en CEFEA SERGUDE

Estas estancias están orientadas aos estudantes de nova incorporación do Grao en Veterinaria (1º e 2º curso) e o seu obxectivo é dar a coñecer o medio rural. As estancias terán unha duración entre 3 e 7 días (en días non lectivos) e os labores a realizar serán os típicos dunha granxa (muxido, alimentación, limpeza, etc...).

6. Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para valorar o desenvolvemento das Actividades de Orientación e Formación serán o **número de actividades desenvolvidas** o longo do curso e **a asistencia e/ou participación** en cada unha delas.

ACTIVIDADES PROGRAMA HELPER. HVU-ROF CODINA

PROGRAMA “HELPER” EN PEQUENOS ANIMAIS

Medicina Interna:

Colaboración diaria na exploración física, medicación e atención de pacientes hospitalizados.

Colaboración na anamneses, suxeición e atención de pacientes en consulta.

Cirurxía, anestesia e reanimación

Colaboración na exploración un paciente cirúrxico, manexar o animal na preparación cirúrxica, preparación e administración dos medicamentos polas distintas vías, colocar o paciente e preparar o campo cirúrxico, colocar bránulas para manter vías venosas permeables, inducir anestesia e realizar intubación orotraqueal. Manexar o equipo de anestesia e a monitorización.

Diagnóstico por Imaxe

Colaborarán na realización de probas de imaxe (Radioloxía, Ecografía, TC e RM).

Análises clínicas

As técnicas de laboratorio serán variadas e incluírán a preparación das mostras, o pipeteo preciso e o uso de equipos de laboratorio, entre outros.

Servizo de Atención Continuada

Colaborar na atención dos pacientes hospitalizados.

PROGRAMA “HELPER” EN ANIMAIS DE PRODUCCIÓN

Colaboración na actividade clínica con animais de produción, maiormente gando vacún, pero tamén ovino, caprino e porcino.

Ademais, aqueles que teñan interese, poden asistir aos seminarios teórico-prácticos que se imparten aos veterinarios internos residentes de grandes animais.

PROGRAMA “HELPER” EN CABALOS

Colaboración nas consultas, cirurxías e hospitalizacións de cabalos.

Ademais, poden participar en diversos cursos de formación, entre eles, está un sobre formación teórico-práctica en intervención veterinaria en concursos hípicas. Todos os/as estudantes Helper de équidos terminan o seu programa cun recoñecemento emitido pola federación hípica galega como veterinario de RAID. Para iso, todos deben asistir a dúas prácticas durante a celebración dun RAID acompañando ao facultativo. Así mesmo, tamén reciben esta formación noutras dúas disciplinas: Concurso Completo e Salto.

PROGRAMA “HELPER” EN ETOLOGÍA

O/a estudante colabora nas consultas clínicas e modificacións de conduta participando nelas activamente. Antes de cada caso, o estudante ten a oportunidade de revisalo e preparalo, así como de discutilo ao final deste.